



SA  
Ú  
DE

INF★RMA

## A CONSELLERÍA DE SANIDADE NÉGASE A RETIRAR O INDICADOR DA IT DO CPV



Na **MESA SECTORIAL do 23 de xuño de 2026** tratouse este tema a **solicitud de CIG-Saúde**, e a Dirección da Consellería de Sanidade, representada pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería e a Subdirectora de Inspección, **negáronse a retirar o indicador: “Incapacidade temporal. Cumprir os tempos estándar para os procesos que cursen alta no período xaneiro-decembro 2026”**

<b>Incapacidade temporal.</b> Cumprir os tempos estándar para os procesos que cursen alta no período xaneiro-decembro 2026	N.º total de días de IT alcanzados <= n.º total de días que se deberon alcanzar segundo as táboas de duración estándar	Sí/Non	10%
--	--	--------	-----

Desde a Consellería de Sanidade indican que **os Acordos de Xestión (ADX) son asinados entre o Servizo Galego de Saúde e as Xerencias das súas Áreas Sanitarias** e que non son condicións laborais.



**CIG-Saúde exixiu que os indicadores deses ADX que sexan aplicados ás profesionais, na medida que teñen impacto na retribución do Complemento de Produtividade Variable (CPV), deben ser tratados, negociados e regulados na Mesa Sectorial. CIG-Saúde recorda que a porcentaxe de cobro da CPV condiciona o progreso nos graos da Carreira Profesional.**

**CIG-Saúde advirte que esta contra prestación económica, por dar as altas antes, racha a confianza entre profesionais e pacientes**, xa que os pacientes poden sentir que se lles dá a alta porque o profesional vai ter unha retribución engadida.

**CIG-Saúde defende que a duración dos procesos de IT non depende do profesional que indica a baixa**, depende, entre outras, das características do paciente, da súa patoloxía, das condicións do seu posto de traballo e das **listas de agarda que teña que soportar** para ter un diagnóstico, un tratamento ou a rehabilitación do seu proceso.

**A Consellería de Sanidade está a modificar o programa de xestión da IT para que se poidan incorporar causas da demora**, pero **para CIG-Saúde isto non é suficiente.**

**Seguimos insistindo na retirada do indicador da duración da IT do CPV**



Xuño 2026

